

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE DECEMBRO DE 2009

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

Lic/1436/2009 e Lap/204/2009.- Brea Hervés, S. L.- Reforma de nave e apertura de exposición e venda de vehículos na Avda. do Cruceiro da Coruña nº 99.

Lic/2182/2009.- Rocío Vázquez Vecino.- Vivenda unifamiliar na rúa San Paio do Monte.

Lic/946/2008.- M Carmen Alvite Lago.- Inicio de obras para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar do Queiroal.

Lic/2261/2009.- Sergas – Servicio Galego de Saúde da Consellería de Sanidade.- Reforma no interior do Hospital Clínico para laboratorio de fertilización “in vitro” na rúa da Choupana.

DENEGADAS.-

Lic/131/2008.- Ginegal Galicia, S. L.- Seis vivendas unifamiliares illadas no lugar de Corexo – Marrozos.

Lic/1021/2009.- Ismael Munín Taboada e Carmen Giadans Dopazo.- Vivenda unifamiliar con construción auxiliar destinada a garaxe na rúa Senande, San Xoán de Aríns.

PRÓRROGAS.-

Lic/1483/2009.- Alfonso Nande Pazos.- Vivenda unifamiliar na rúa Santa Lucía nº 82. (-)

DECLARACION DE CADUCIDADE.-

Lic/2291/2001.- Manuel Vieites Fraga.- Edificio para dúas vivendas previa derruba da existente na rúa da Angustia nº 40

DEVOLUCIONS DE FIANZA.-

1209/07.- Inmobiliaria Ponteno, S. L.- Garantía das obras de urbanización da Unidade de Actuación de Casal – Laraño 10.984,39 €.-

APERTURAS.-

Lap/231/2009.- Lorygar, S. L.- Apertura de restaurante, cafetería e salón de eventos e banquetes en Paseo de Amaía, 3.- Informar favorablemente e remitir á Consellería de Xustiza

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/2535/2008.- JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ MUINELO- Reforma interior de vivenda unifamiliar na rúa Hortas, 4

LIC/1983/2008.- ARZOBISPADO DE SANTIAGO.- Reparación menor da cuberta do pazo arzobispal na praza da Inmaculada nº 1

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/2121/2009.- CONSTRUCCIONES OTERO POMBO.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de construción de 23 vivendas e 38 prazas de aparcamento na U-R na rúa da Caramoniña. O importe da fianza é de 78.833,26€.

LIC/2122/2009.- CONSTRUCCIONES OTERO POMBO.- Devolución da fianza depositada en garantía da licenza de construción de 23 vivendas e 38 prazas de aparcamento na U-R na rúa da Caramoniña. O importe da fianza é de 24.000€.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse seis axudas, por un total de 1.038,11 euros.

6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

- Apróbase a solicitude ao Consorcio do pagamento dunha axuda para o mantemento de edificios, por importe de 8.851,38 euros.

- Apróbbase inicialmente unha axuda para un local comercial, por 6.010,12 euros.
- Apróbanse definitivamente dúas axudas para locais comerciais e a solicitude ao Consorcio do pagamento das mesmas, por un total de 13.089,67 euros.
- Apróbbase un cambio de titularidade dunha axuda de 4.737,67 euros para elementos especiais de madeira.
- Apróbanse nove axudas para elementos especiais de madeira, por un total de 20.726,84 euros.
- Apróbbase a solicitude ao Consorcio do pagamento de 16 axudas para elementos especiais de madeira, por un total de 66.362,63 euros.
- Procédese á corrección dun erro no nome do solicitante dunha subvención.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Secretaría Xeral de Institucións Penitenciarias, para o cumprimento de penas de traballo en beneficio da comunidade.

Apróbbase a sinatura do devandito convenio, así como as características dos 35 postos ofertados polo Concello: 5 de apoio en programas de orientación e busca de emprego, 10 en mantemento e limpeza, 3 en apoio administrativo, 10 en apoio en oficios varios e 7 en limpeza e mantemento de xardíns.

8.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as once exencións solicitadas.

9.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á concesión dunha bonificación na taxa por rodaxe cinematográfica.

Concédense a bonificación solicitada.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso do pavillón municipal do Restollal para a celebración do IV Torneo solidario de fútbol da campaña benéfica OPERACIÓN QUILO: Un quilo, un sorriso.

Autorízase o uso do pavillón para a devandita campaña dende as 8:00 ás 24:00 horas do sábado 26.

11.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á recepción das obras de urbanización da unidade número 4 (U-4) do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1).

Tómase en coñecemento a recepción das devanditas obras.

12.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa á aprobación inicial do proxecto de normalización de predios na ASD-13 do Plan xeral de ordenación municipal na Avenida das Burgas. Campus Sur.

Apróbbase inicialmente a devandita proposta, presentada o 19 de setembro de 2009 pola Fundación para o Desenvolvemento Educativo de Galicia.

13.- Proposta da concelleira delegada de Servizos relativa aos gastos de conservación de alumeadado público nun quinceiro do SUNP-17 do Paxonal.

Acórdase asumir os gastos inherentes ao consumo de enerxía eléctrica para alumeadado público no contorno delimitado polas rúas de Emilio e de Manuel, Isidro Parga Condal, Emilio Ares Martínez e Enrique Vidal Abascal.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á modificación do acordo de 5 de maio de 2008 de outorgamento de concesión a favor da Xunta de Galicia para o

Centro Autonómico de recuperación integral para mulleres que sofren violencia de xénero.

Acórdase a modificación da redacción do acordo.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudio de detalle das parcelas 3, 5 e 7 da zona do Plan parcial do solo urbanizable non programado número 37, sector 1 (SUNP-37.1) de Costa Vella.

Apróbase inicialmente o devandito estudo de detalle.

16.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á encomenda a EMUVISSA e financiamento das obras con cargo ás cotas de urbanización ingresadas no Proxecto de urbanización do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña. Conexión exterior número 1.

Encoméndase a EMUVISSA a execución da conexión nº 1 do proxecto de urbanización do devandito solo, polo importe total de 37.311,15 euros. Igualmente, acórdase financiar as obras necesarias con cargo a cotas de urbanización ingresadas no ámbito do PERI-7, transferindo a EMUVISSA os recursos económicos necesarios para executar a conexión.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do procedemento de expropiación por taxación conxunta da parcela 7 do SUP-7 Ponte Pedriña II.

Rexéitase unha alegación relativa á titularidade, manténdoa como controvertida, e estímase parcialmente outra, relativa á valoración da parcela 7 do expediente expropiatorio, establecendo un xusto prezo incluído o 5% de afección de 90.246,11 euros. Apróbase definitivamente o procedemento de expropiación por taxación conxunta da parcela 7 (o resto do procedemento xa está rematado).

18.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago de xusto prezo e xuros ata a conformidade pola expropiación da parcela 1 do expediente de expropiación para a obtención de DM-6 E ZL-85 en Triacastela.

Rectifícase un erro aritmético e procédese ao pago.

19.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á consignación de xusto prezo e xuros e remate por mutuo acordo da expropiación da parcela 2 do expediente de expropiación para a obtención de DM-6 E ZL-85 en Triacastela.

Rexéitase unha solicitude de pago e procédese a consignar as cantidades de 35.717,43 euros de principal e 15.342 euros de xuros ata que non sexan cumprimentados os requisitos, intre no que previa solicitude dos interesados se instará a desconsignación para o pago posterior.

20.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á consignación de xusto prezo e xuros ata a conformidade pola expropiación da parcela 3 do expediente de expropiación para a obtención de DM-6 E ZL-85 en Triacastela. Remisión ao xurado de expropiación forzosa.

Procédese a consignar as cantidades de 7.951,23 euros de principal e 3.415,40 euros de xuros ata que non sexan cumprimentados os requisitos, intre no que previa solicitude dos interesados se instará a desconsignación para o pago posterior.

21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago de xusto prezo e xuros e remate por mutuo acordo da expropiación da parcela 6 do expediente de expropiación para a obtención de DM-6 E ZL-85 en Triacastela.

Remátase o procedemento de expropiación para a obtención de terreos por mutuo acordo, rectifícase un erro aritmético e ordénase o pago das cantidades de 9.754,99 euros de principal e 4.190,19 euros de xuros.

22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á desafectación de 153 metros cadrados e pago de resto de prezo xusto e xuros da parcela nº 31 do proxecto de

expropiación para execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Apróbase á desafección da devandita parcela e ao pago dos prezos e xuros de expropiación.

23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á consignación de resto de prezo xusto e xuros da parcela número 44 do proxecto de expropiación para execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Apróbase a consignación dos devanditos prezos e xuros.

24.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á cumprimentación da resolución do xurado de expropiación forzosa e abonada a totalidade do prezo xusto da parcela 17 do proxecto de expropiación para execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Dáse por cumprimentada a resolución do xurado de de expropiación e requírese ao Rexistro da Propiedade a segregación e inscrición da porción de finca expropiada.

25.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á presentación de recurso de revisión e suspensión do acordo do xurado de Expropiación forzosa de data 07.06.07, relativo á parcela 18 do proxecto de expropiación para execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Acórdase presentar o devandito recurso e suspender a executividade da resolución en tanto non recaia resolución expresa modificatoria.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á remisión de acordo ao Xurado de expropiación forzosa de Galicia do expediente individualizado da Parcela 45-A do proxecto de expropiación para execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Acórdase remitir o devandito expediente ao Xurado de Expropiación Forzosa de Galicia para a fijación do prezo xusto definitivamente.

27 a 75.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

76.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á prórroga tácita do aluguer do local sito na rúa de Sar,45.

Acórdase a devandita prórroga dende o 1 de decembro de 2009 ata o 1 de decembro de 2010, por un importe de 341,66 euros.

77.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa ao abono a conta do 75% do importe dos acopios de materiais para a execución das obras de reurbanización da rúa Raxoi.

Autorízase o devandito abono, por unha cantidade de 44.301,66 euros.

78.- Proposta da concelleira delegada de Casco Histórico relativa ao abono a conta do 75% do importe dos acopios de materiais para a execución das obras de reurbanización da rúa Trindade.

Autorízase o devandito abono, por unha cantidade de 36.056,96 euros.

79.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á autorización a unha empresa ao depósito de avais baixo a súa nova denominación, e devolución de anteriores avais.

Autorízase a ACCIONA APARCAMIENTOS S.L., ao depósito dos correspondentes avais baixo esta denominación e, unha vez formalizado o mesmo, levar a cabo a devolución dos anteriores, depositados baixo a denominación mercantil de ACCIONA, S.A.

80.- Expediente de convalidación de autorizacións, disposición e recoñecemento de obrigas nº1/ dec / 2009.

Procédese á convalidación de disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas.

82.- Adjudicación definitiva do suministro de calendarios de mesa.

Elévase a definitiva a adjudicación do servizo de impresión de 37.000 calendarios á empresa MARÍA PIÑEIRO MOURELLE, por importe de 34.785,25 euros.